BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAIS DE OFICIOS

OFICIAL ELECTRICISTA

ANUNCIO

PRIMEIRO:

O Órgano de Selección, en sesión do día 9 de xuño de 2017, acordou o seguinte:

"En consecuencia de todo o anteriormente sinalado o Órgano de Selección, por unanimidade de tódolos seus membros, acorda desestimar as alegacións contra as preguntas números 8 e 17, estimando as relativas ás preguntas nº 6 e nº 9 que se anulan e se substitúen pola primeira e segunda reservas, nº 31 e nº 32 do test.

Realízase, polo tanto, unha nova corrección resultando as cualificacións que se reflicten no listado anexo a esta Acta.

A presente Acta publicarase na páxina web municipal para coñecemento dos alegantes e dos demais interesados no procedemento."

Os motivos do acordo constan na corresponde Acta, que se publicará na páxina web municipal, tendo dereito os interesados no procedemento a acceder e a obter copia da mesma, en virtude do disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO:

Advírtese aos aspirantes que coas novas cualificacións a nota de corte queda establecida en 5,00 puntos, polo que superan este exercicio os que obtiveron esta nota ou superior.

Comunicase aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio da oposición, que o segundo exercicio consistente en resolver varios supostos prácticos, realizarase en data a determinar e que será anunciada oportunamente.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Secretario do Órgano de Selección

Lucio C. Varela Borreguero

ASINADO POR: Técnico Administración Xeral (Lucio Camilo Varela Borreguero) 2017-06-12T13:18:56+02:00 -

Documento asinado